

# Solidariedade Obreira

Número 5 Out .- Dec. 2008

## Abramos unha paréntese!

Os capitalistas demandan un respiro... e moitos cartos para salvar o cu

Cando isto da crise comezou a poñer-se duro e a banca estado-unidense crebou, o xefe dos empresarios españois, camarada Gerardo Díaz Ferrán, fixo unhas declaracións demandando do goberno de Zapatero que abriera unha paténtese no proceso económico liberal e apoquinara uns centos de millóns de euros públicos para manter a flote as empresas que eles, empresarios capitalistas, non saben xestionar.

Curiosos empresarios nosos. Levan anos dando a barrila con que o público é mau e gasta moito, con que hai que privatizar todos os servizos públicos e todo o mercado laboral (agás os postos de dirección) para pagar salários máis baixos e exixir xornadas laborais máis amplas, para diminuir, en xeral, os dereitos da clase traballadora.

Os máis teimudos defensores das baixadas de impostos mudaron estes días de aguda crise en partidarios devotos de aplicar unha nova taxa de carácter universal, un novo imposto que se

asemella bastante ao Pecado Orixinal católico, universal, persoal e intransferible, para tirar cartos públicos coa intención de mellor pasar a crise económica provocada no centro mesmo do paraíso capitalista (Wall Street) polos propios xestores do Capital.

Mais o comandante en xefe da CEOE, camarada Díaz Ferrán, non escarmenta, que vai escarmentar, e declarou ser un admirador do verxel USA, especialmente da súa política de emprego e relacións laborais porque, di el, en USA hai a metade do paro que na vella e raptada Europa. Claro, que cuco o super xefe dos empresarios españois, o que hai que imitar de USA é a política que elimina dereitos de todo tipo aos traballadores, que prima a inexistencia de servizos como a Seguridade Social, que permite ao patrón contratar á baixa sempre e despedir a capricho, ademais de facer desaparecer o sindicalismo independente e de clase.

Dixo tamén este señor que é

urxente que o Goberno de Zapatero e os seus mariachis ofrezca liquidez áss empresas, xa que a crise do ladrillo, por exemplo, non foi provocada polos empresarios senón que a culpa é, en boa parte, da Banca que, entre alegre e tontaina, ofrecía cartos a caneiro cheo. E que medid a s propón o santo varón da patronal?

Pois transformar o ICO, Instituto de Crédito Oficial, na banca empresarial co obxecto de repartir cash fresquiña entre empresarios en dificultades sen que os patróns apoquinen un peso nen baixo a fórmula de ampliación de capital. En realidade, o que propón o Su-

(Segue na páxina 4)



### A crise do capital pagamo-la @s traballador@s

Ven sendo que os bancos fan operacións chamadas de risco, que consisten as máis das veces en acumular máis e máis capital a calquer prezo, xa que as operacións financeiras puramente especulativas non pagan taxas, e cando lles vai mal pagamos todos e todas os seus buratos negros.

Pasou hai uns anos en Arxentina e agora acontece o mesmo nos USA. Uns señores que gañan máis de 20 millóns de dólares ao ano peden axuda ao «Estado» e o é peor é que lla dan...e un dos países máis ricos do planeta é o máis endevidado e segue a se entrapar, e onde fican os que non poden pagar as hipotecas?, onde están os que operaban con eses bancos?. Non sabemos por onde van ir os tiros aínda, mais o famoso «corralito» non fixo máis que comezar, e cando barbean ao teu viciño, vai-te preparando....

### Menos emprego público

Xa falou o Sr. Zapatero de que como hai crise o primeiro que se vai facer é sacar menos prazas á oferta pública, e o goberno de «progreso» xa comezou a facer caso da orde e contratan cada vez menos, polo menos no ensino, e este ano ficaron interinos e profesorado contratado sen contratar. Pode ser casualidade, que haxa menos vacantes, que as baixas sexan menores, mais o curioso é que en canto falan de aforrar, que non hai diñeiro, comezan a baixar as contratacións de persoal.

### Lei de dependéncia e outras

O de «outras» é pola famosa lei para axuda aos xovens co aluguer. Resulta que de varios centos de miles que contaban beneficiaren-se da medida, non pasan de 80.000. Todo son problemas e máis problemas para cobrar, e papeis e máis papeis, e aínda non estando de acordo coa medida, non é de recibo que se dilapiden os cartos en festas para os vellos, cidades da cultura, festivais e máis festivais para os máis novos e digan que non hai cartos.

O mesmo acontece coa Lei de dependéncia que segue sen se aplicar, algúns xa cobran, mais hai persoas que levan agardando desde Xaneiro para normalizar a súa situación. O que fixo a lei fixo a trampa, e aínda que hai «listillos» que cobran desde o primeiro día, os máis seguen a espera.

## A crise alimentaría, instrumento da guerra

As explicación que se dan sobre a crise alimentaría son parciais e fundamentalmente hipócritas. Desde a FAO (organización de Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación), pasando por especialistas en economía agrária, até chegar aos «intelixencia» dos diferentes Estados, insultaron a nosa intelixencia. Segundo estes señores, as razóns da crise alimentaría son:

1. A incorporación de millóns de chineses ás zonas urbanas, coa conseguinte maior demanda de grao.

2. As mudanzas na dieta dunha boa parte dos chineses, coa entrada do «fast food», o que leva a unha maior demanda de trigo por parte da China.

3. As secas en dous países que

son graneiros do mundo: Ucraína e Austrália.

4. O uso de grande parte de produtos agrários para a produción de combustíbeis, o que provocou unha «revolución agrária» tanto na técnica como nos ritmos.

5. Incremento dos prezos das materias primas, en especial do petróleo.

6. A pior de todas as falacias: a suba dos prezos dos produtos agrários.

En todos os casos, mais en especial nos tres últimos, estamos a falar dos efectos da crise, non das causas. A realidade é que, desde que o neo-liberalismo/globalización capitalista entrou a saco nos procesos produtivos agrários, sucederon-se unha serie de cambios estruturais para facer da

terra, o territorio e os seus produtos parte esencial da cadea produtiva capitalista. O problema que ten a explicación da crise é que se analiza como unha cuestión económica e non como o que é: unha ferramenta máis da nova guerra contra a humanidade. Nos anos sesenta, deu-se inicio ao que se chamou a «revolución verde» propiciada polos Ford e Rockefeller de turno, e que foi presentada como a ferramenta para resolver o problema da fame no mundo, mais o que se procuraba era magoar fondamente as formas tradicionais de organización campesina e as povos indíxenas, rematar cos repartos agrários, favorecer as divisións internas ao propio interior dos agricultores, afortalar aos grandes propietarios

(Segue na páxina 2)

# Solidariedade Obreira

Solidariedade Obreira é unha publicación periódica editada pola Confederación Nacional do Traballo da Galiza.  
Dep. Legal: C-984-2006  
Compostela, Outubro 2008

## Enderezos da CNT na Galiza

### A Coruña

Rua Washington, 36, baixo  
15002 A CORUÑA  
Tel/Fax: 981 90 40 44  
Correio Electrónico: corunha@cntgaliza.org  
Correspondencia: Apdo 928 15080 A CORUÑA

### Compostela

R/ Garcia Prieto, 24-28  
15706 COMPOSTELA (A CORUÑA)  
Tel: 981 590 910 Fax: 981 534 256  
Correio Electrónico: compostela@cntgaliza.org  
Correspondencia: Apdo 590 15780 COMPOSTELA (A COR.)

### Vigo

R/ Príncipe, 22, 1º Local 34  
36202 VIGO (PONTEVEDRA)  
Tel. e Fax: 986 113 803  
Correio Electrónico: vigo@cntgaliza.org

### Lugo

R/ Nova, 103, 1º Dta.  
27001 LUGO  
Tel: 650 269 807  
lugo@cntgaliza.org

### Ourense

Apdo 91 32080 OURENSE  
ourense@cntgaliza.org

### Pontevedra

R/ Pasantería, 1 (Edif. dos Sindicatos), 3º andar  
36002 OURENSE  
Tel: 607 511 678  
pontevedra@cntgaliza.org

### Betanzos

Apdo 95 15300 BETANZOS (A CORUÑA)  
betanzos@cntgaliza.org

### Ferrol

Avenida de Esteiro, 10, baixo 15401 FERROL (A CORUÑA)  
Apdo 147 15401 FERROL (A CORUÑA)  
ferrol@cntgaliza.org

### Comité da Rexional Galáica

cr@cntgaliza.org  
www.cntgaliza.org

## A Galaica na rede

Nos últimos tempos, e co crecemento da CNT, os compañeir@s teñen-se posto en marcha tamén na rede utilizando as posibilidades da tecnoloxía como altafalante das nosas ideas: formación, cultura, conflitos e solucións, parte do traballo da CNT volcado na rede. Boa lectura:

Blog do Sindicato de Lugo:

<http://cntlugo.blogspot.com/>

Blog do nucleo de Betanzos:

<http://cntbetanzos.blogspot.com/>

Sección de hostelería e comercio, Sindicato de Pontevedra:

<http://cnthosteleria.blogspot.com/>

Sección Sindical en TVE Galicia:

<http://cntrtveg Galicia.blogspot.com/>

Sección Universidade de Vigo Campus de Pontevedra:

<http://cntunivigo.blogspot.com/>

## A crise alimentaria, instrumento da guerra

da terra, e incrementar a dependencia face os paquetes tecnolóxicos das trasnacionais, eliminando as técnicas e cultivos tradicionais, que fixo que os solos se esgotaran antes polo acelerado do proceso produtivo.

Esta implementación da «revolución verde» fixo-se nun principio en dous países con forte organización campesina: México e a India, e despois estendeu-se a Filipinas e algúns países africanos. Agora pretende-se revitalizar de novo por medio dun novo promotor: a Fundación Bill e Melinda Gates, quen anunciou unha revolución verde para África con un investimento de 150 millóns de dólares, como vemos unha cantidade ridícula que non chega ao que pode vender unha só empresa.

A solución á crise alimentaria non se ubica no campo dunha produción cada vez maior de grao, de feito, no 2007, logra-se unha produción record destes produtos: 2 mil millóns de toneladas, e vemos que no 2008 fai-se pública a crise. A crise alimentaria é a evidencia de que o mercado está incapacitado para regular os procesos e cadeas produtivas e, desde logo, aínda máis incapacitado pra afrontar os problemas da xustiza. Hoxe produce-se tres veces máis que nos anos sesenta, no entanto a poboación mundial tan só se duplicou.

O problema non está na escasez de produtos, senón que o que hai é acaparamento por parte das grandes trasnacionais e incapacidade de compra por parte dos países pobres. Segundo a FAO, o índice xeral de prezos dos alimentos incrementou-se un 57,1%, entre Marzo do 2007 e Marzo do 2008; os cereais subiron un 88,1%; os aceites e graxas, 106,5%; os lácteos 48,4%; as carnes 9,9% e o azúcar 26,1%.

¿Non serán as norteamericanas Cargill, Monsanto e Dupont; a holandesa Bunge; a estadounidense-canadiana ADM; as suizas

Syngenta ou Nestlé; as francesas Dryfus e Danone; ou a italiana Parmalat, ou a anglo-holandesa Unilever... ou as grandes distribuidoras de alimentos como Wal-Mart, Tesco ou Carrefour, as principais responsábeis do incremento dos prezos?

Normalmente, no caso da agricultura, as crise expresan-se no fundamental como resultado da insuficiencia do poder de compra por parte de sectores importantes da poboación mundial. Isto está relacionado tamén coa depreciación da forza de traballo a nivel mundial (queda dos salários), queda das prestacións sociais, e co proceso de eliminación das vellas formas de auto-suficiencia alimentaria dos pequenos labregos ou das comunidades.

Explotación e despoxo son os dous eixos que explican a crise. Non é só unha crise do capital e dos capitalistas, tamén é unha crise do traballo e dos traballadores. Até agora do campo, mais tamén da cidade. A crise deixa inactiva a unha parte dos traballadores agrícolas e, con iso, presiona-os para que aceiten outras condicións salariais con rebaixas nos salários ou nas prestacións. A crise é utilizada polos grandes capitais como un mecanismo de saneamento. Ao final da tormenta, fican non só os máis fortes, senón tamén os máis implacábeis.

A crise alimentaria é unha crise agrícola como parte dunha guerra global en contra dos povos indíxenas e os capesinos, as súas organizacións, a súa vida. O biopoder das trasnacionais procura facer realidade o soño dos vellos tecnócratas de reducir ao mínimo os asentamentos rurais. Segundo o propio Banco Mundial, calcula-se que a cifra de 850 millóns de persoas que hoxe padecen fame no mundo, medrará nos vindeiros anos até 950, repercutindo gravemente nos nenos. Se isto se dera, en seis anos morrerán de fame 66 millóns de nenos e nenas.

O negocio do capital é redondo: co diñeiro do mundo, a FAO compra graos ás trasnacionais para «regalar-llos» aos países máis pobres. Por un lado se subvencionan ao campesinado dos países ricos distorsionando o mercado e restando oportunidades aos agricultores dos países pobres e por outro se «regala» alimentos para a loita contra a fame.

Outro factor a ter en conta é a utilización dos produtos agrícolas como agro-combustíbeis, xa que xeran un incremento dos prezos e tamén, na práctica, a queda dos custes de produción e a ansiedade da demanda van lograr que cada vez máis xente semente ese tipo de produtos. O alimento dos seres humanos será substituído polo alimento para os carros. Temos o caso de Brasil, onde o «progresista» Lula da Silva, di que el non utiliza millo senón cana de azúcar. O que non fala é de que esta produción está minando progresivamente á mata amazónica e, e cada vez máis, haberá máis colleitas de cana de azúcar en lugar de grao ou olexinosas ou verduras, no entanto os niveis de ganancias non terán comparanza.

Tenta-se reestruturar a produción agraria, substituíndo a vella forma de produción (nos lugares onde se fai) por unha nova forma, na que se muda o traballo vivo por traballo morto, por medio dun proceso de tecnificación agrícola, coa ocupación de territorios polas trasnacionais e co exterminio dos povos máis pobres que, ademais, case sempre son os que se resisten a abandonar as súas terras, e a semear e facer a colleita do xeito en que as grandes trasnacionais queren.

En definitiva, esta crise é a declaración de guerra formal contra os povos indíxenas e en contra dos auténticos campesinos. Van polas súas terras e territorios... van pola súa vida.

Tirado da publicación  
«Rebelión», Ano 5- Número 10

## Unha empresa «moderna»

### Chegaron as sub-contratas á limpeza en Ames

Reinventando o traballo no s. XXI, privatizando os servizos públicos dos concellos, sai á palestra por desgraza as subcontratas dos señoritos de turno, unha cousa que contada polos seus dirixentes soa ben, pero gustaríame de vé-los coas mesmas condicións de traballo dos «currelas» e así mudarían a opinión de que melloran os servizos, cando de antemán non os melloran, pois ao criaren-se eles mesmos a necesidade, son eles mesmos os inventores da súa propia sub-contrata.

O alcalde amiense Carlos Fdez. (ex-sindicalista) sub-contrata varios servizos, entre eles a limpeza viaria, ofrece-se un límite máximo e a empresa URBASER acepta, xa que ten en Compostela outra sub-contrata e se aproveita dos medios materiais dunha pra-

cadrar mellor as contas da outra; e os dous felices e saen na imprensa, mais a ningún dos dous importan-lles os traballadores e traballadoras contratados.

Os que estaban antes varrendo para o concello con un contrato fixo, seguiron-no facendo por outro lado no concello, e os que estaban temporais e os que entraron de novo por URBASER traballan mais en ritmo de traballo e en días, incluíndo os festivos. Fai-se todo por menos cartos, ou sexa un negocio redondo pra os donos de URBASER, onde a felicidade capitalista é o «mellor beneficio no menor tempo posíbel», e sen contemplacións para a clase obreira.

É a volta á revolución industrial con mellores máquinas pra varrer, mais con dereitos mermados e pisoteados. Aos traballadores e tra-

balladoras toca-lles vivir así o día a día, sen un convenio digno (en Ames non hai ningún), pandando co que mande e ditamine o xefe, que para iso se cre o mandamáis. E os que non estén contentos co traballo ou a forma de levar a empresa ofrece-se-lles a porta, que xa está aberta para non perder o tempo, e a procurar-se a vida por outro lado, ou volver ao anterior traballo, xa que val máis mau coñecido que bon é por coñecer.

Os que resistan a precariedade, a perda de poder adquisitivo e ser ousados e rebeldes, e ser a voz da consciencia obreira dos traballadores, só lles agarda unha sentenza dura e firme: o despedido libre e improcedente (con sorte). Que ao empresario non lle vai tremer o pulso diante de semellante ousadía.

# A precariedade na administración pública: A USC e o conflito no «SIEGA»

En lugar de reforzar cada vez máis os servizos públicos para dar mellor asistencia á xente, o que fan as administracións públicas é facer concesión destes servizos ás empresas privadas por medio de contratas e subcontratas. Situación que se daba co goberno do PP e que ten continuidade hoxe co chamado goberno de «progreso».

## Desigualdades na Administración Pública

O de a igual traballo, igual salario, non existe. O feito de existiren traballadoras e traballadores con diferentes modos de contratación laboral: contratados externos dos «chiringuitos», interinos, persoal laboral, funcionarios, contratados laborais... leva a que por un labor semellante unhas persoas cobren salários que duplican aos de outras.

Estas tácticas divisionistas do Estado en cuanto capital, fan que uns traballadores vaian en contra de outros; que unhas traballadoras teñan uns dereitos e outras non; que uns traballadores se sintan «prexudicad@s» en base non sabemos que criterios, aplicando simplemente aquilo de se eu «pasei por tenreira», que outros pasen tamén. Iso si, polos postos de libre designación que dan as diferentes Consellerías a quen lles peta, o persoal non di nen chio. Se se ocupan postos laborais con criterios políticos é para sempre:

caso do Consorcio de bibliotecas, caso das distintas subdireccións xerais... e iso non é motivo de alporizar-se por parte de case ninguén.

## Temporalidade e Relación de Postos

A temporalidade é tal que temos casos nas universidades galegas e na Xunta de chegaren a 13, 14 ou máis anos contratados e finalmente chimpan-te fóra sen máis contemplacións.

A transparéncia non existe, as RPTs (Relación de Postos de Traballo) non se corresponden coa situación real do persoal. O que acontece é que, baixo manga, vai-se contratando xente para postos que teoricamente non existen nas RPTs. Os criterios para meter ou non nas RPTs futuras e así dar-lle o traballo a quen o ocupou sen nengún tipo de criterio, dependen moitas veces da forza que teña o Xefe do Servizo, o Director Xeral de turno, o Decano...

Son xa moitos anos da liberalización máis absoluta con contínuas transferencias de servizos e capitais públicos ao sector privado. Fixo-se unha política de substitución, os labores que eran desempeñados polo persoal fixo da administración fican agora en mans de empresas privadas (na USC as famosas Uni...) por medio de contratas e sub-contratas.

## O problema do SIEGA

Os nosos compañeiros e compañeiras da Sección Sindical de CNT nos Servizos Informáticos da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, o antigo SIEGA, eran subcontratados pola Consellería através da cadea de subcontratación empresarial formada polas empresas IECISA (Informática de El Corte Inglés S.A.) e SERMICRO (empresa pertencente ao grupo ACS). Levaban traballando varios anos en San Caetano contratados nunha categoría inferior, a de programador, realizado traballos superiores de xeito cotiá desde que entraran a traballar na Consellería. Un a unha foron denunciando á empresa, reclamando unha categoría profesional máis xusta e gañando todos os pleitos.

A realidade laboral nos Servizos Informáticos da Consellería é idéntica á que falamos antes: hai persoal de diferentes empresas, diferentes categorías laborais, diferentes modos de contratación e estatus variopinto. O servizo está desde hai anos privatizado, sendo a maioría d@s traballadoras subcontratad@s e, ao noso parecer, en clara situación de «cesión ilegal» de traballadores. Estes postos de traballo non figuran nas RTPs, nen saen a oposicións nen concurso público algún, pois o que se fai é encher o peto das empresas privadas co diñeiro público.

Por se organizar, loitar e recla-

mar os seus dereitos (e ir-lle gañando o pulso á empresa) os nosos compañeiros e compañeiras recibiron o pasado mês de xullo, unha carta de despido coa escusa de fin de obra. Ao mesmo tempo, todos os implicados: SERMICRO, IECISA e Consellería de Educación trataban de dar tranquilidade ao colectivo falando-lles de que ian ter un novo contrato en breve. Finalmente o día 11 de agosto fíxo-se efectivo o seu despedimento.

Estes catro traballador@s afectad@s presentaron dúas denuncias: unha por cesión ilegal de traballadores e outra polo despido, fusionando-se as dúas nun único xuízo que aínda está sen data.

## As represalías da Consellería

A Consellería nos últimos tempos paralizou cursos de formación, causou polémicas cos horarios, aumentou a carga de traballo e sacou concursos rebaxando as condicións laborais. Como exemplo temos o último concurso: (id.10383 / DOG 04092008)

- . Rebaixa das categorías profesionais que se piden nos pregos.
- . Valoración en exclusiva da titulación de todo o currículo vital.
- . Ampliación de horarios laborais.
- . Posibilidade real de externalización de traballadores.

Estas rebaixas laborais veñen acompañadas dun aumento nos orzamentos e fan-se de costas aos traballadores e traballadoras que as van padecer. En resumo, unhas condicións que só favorecen ás empresas, ou sexa ao capital.

## Reivindicacións

Estas situacións de privatización, de discriminación e de explotación son moeda corrente nas administracións públicas. O que demandan @s nos@s compañeir@s da Sección Sindical SIEGA é que as prazas sexan públicas, ben sendo criadas e ofertadas pola Administración, ou ben porque os propios traballadores e traballadoras levanten a cabeza e tramiten denuncias de cesión para poder acadar o obxectivo de seren persoal laboral indefinido non fixo. Deste xeito, ficaría en mans da Xunta a oferta de emprego e a convocatória de prazas de informática para que sexan cobertas de modo ordinario.

O curioso de todo este entramado laboral é que é común, e repite-se na Xunta, nas universidades, nos concellos e en todo a tea das administracións. A realidade que vemos é que polo mesmo traballo non tes nen igual salario, nen os mesmos dereitos laborais. @s compañeir@s da Sección de CNT tiñan-no e seguen a té-lo claro: a única solución é a organización e a loita.

# 65 horas, un retroceso histórico

Após máis de dous séculos de loita, tras tanto sangue derramado na conquista dunhas condicións de traballo medio dignas, agora unha proposta feita por Eslovenia, que conta co apoio do Reino Unido -onde a legislación laboral permite que o traballador e o empresario negocien, á marxe do convenio, a ampliación da xornada de 48 horas até as 60 (figura coñecida como «opt-out») e preve-se que outros gobernos apoiem a iniciativa.

## A Europa «social» volta ao século XIX

Esta directiva fai-nos retroceder un século, invalidando os logros conseguidos despois de longas loitas pola xornada laboral de 8 h. A Unión Europea deixa caer a máscara do «modelo social europeo» e pretende impor aos traballadores e traballadoras un retroceso histórico. A directiva foi aprobada sen nengún voto en contra polos Ministros de Traballo e está a ser agora discutida no Parlamento Europeo... A explicación que están a dar, como

xa fixeran coa Directiva de Retorno (a directiva da vergoña contra os inmigrantes e as súas familias), que o que fai é pór un teito para as horas de traballo. O problema real é que o teito que tentan impor leva-nos de cabeza ao século XIX, con xornadas de traballo de 10 ou 12 horas ao día e con 6 días de traballo á semana.

Como consecuencia da forte loita operaría polas 8 horas de traballo, ao calor das mobilizacións en contra da masacre da Grande Guerra, conseguiu-se a xornada máxima de 48 h semanais en vigor até agora. A nova directiva permite o alongamento da xornada de 48 a 60 h e mesmo a 65 para os sectores que realicen turnos, como na sanidade. Mais o «acordo» só se aplicará aos contratos de máis de 10 semanas de duración, os de menos tempo non terán limitación algunha.

**Esta Directiva non é algo isolado, senón un paso máis da ofensiva xeralizada na Europa do capital.**

## Europa contra a negociación colectiva

Os acordos individuais traballador/empresa atacan unha das conquistas da loita sindical: o dereito á negociación colectiva, deixando ao traballador en mans da empresa.

Esta Directiva o que fai é pór como requisito o acordo individual entre o traballador e o empresario e destrúe o que foi a conquista dos traballadores e traballadoras da negociación colectiva. O chamado «acordo» non é máis que considerar a uns e outros en igualdade de condicións, como se individualmente se puidera ou non aceptar a xornada laboral que impón a empresa. Cando se comezaron a notar os efectos da crise económica, en lugar de reducir a xornada de traballo, prohibir as horas extras, reducir a idade da reforma, etc, para garantir os postos de traballo e os salários, a Unión Europea, como instrumento do capitalismo europeo, percorreu o camiño inverso: a destrución dos dereitos dos

traballadores e traballadoras para garantir os beneficios da patronal.

## As 65 horas chegarán axiña

Non é certo que a Directiva sexa algo remoto. Se se aproba, o seu impacto será inmediato, aínda que non se fixera efectiva en España no momento. A patronal poderá subcontratar persoal de países onde a xornada de 60-65 horas sexa legal, ou ameazar coa deslocalización a países onde esté xa implantada.

O Tratado de Lisboa xa conta co NON no referendun na Irlanda, mais os gobernos non se queren arriscar a máis derrotas, toda vez que os casos de Franza e Holanda fixeron fracasar a Constitución Europea no ano 2005. Ao tempo, as sondaxes feitas dan conta que no Reino Unido a maior parte da poboación quer que se faga un referendun para votaren en contra. Os cidadáns de Europa ven cada vez con maior claridade o carácter da Unión Europea e que a chamada Euro-

pa do «benestar» vai-se convertindo na terra dos barrotes contra os inmigrantes e do retroceso brutal dos dereitos dos traballadores e traballadoras.

Envían a milleiros de traballadores e traballadoras ao desemprego, estamos xa en cifras históricas, en lugar de reducir a xornada, (a CNT está polas 30 h) ou baixar a idade de xubilación, aumentan o tope de horas semanais até 60-65, o que provocará mais paro.

(Segue na páxina 4)



## Abramos unha paréntese!

(Vén da páxina 1)

per-Empresario Díaz Ferrán é meter man nos cartos públicos, que se amorearon sob a expeditiva fórmula de roubo organizado que chamamos píamente impostos, e trincar, coa forza que dan unhas boas pilas Duracell, até baleirar a caixa antes de enviar aos picoletos a zoupar sobre despedidos e familiares.

Abramos unha paréntese na economía de libre mercado significa máis ou menos abalanzarse sobre os cartos públicos, que institucións de crédito público se convirten en avalistas dos negocios mal montados, mal xestionados polos patróns tras gañar durante estes anos pasados unha mancha de cartos.

Desde que comezou este século XXI, máis cambalache do que



o XX, asisto atónito ao proceder do moderno capitalismo financeiro e industrial. Non abonda con roubar como rouban, non abonda con manter a centos de millóns de persoas repartidas en diferentes continentes en situación de penuria e de fame negra, nen tampouco con recortar ás bravas os dereitos sociais, políticos e económicos das persoas que temos a «suertaza» de vivir no chamado primeiro mundo. Eles queren máis. Non teñen fondo. É nós, a tragar coa social-democracia gomosa e cos sindicatos oficiais que, por certo, van repartir-se un milloncete de euros cada ano tras o acordo do Consello da Xunta de hai uns días. Vivemos no mellor dos mundos posibles. A que si?

## Cidade da Cultura, é para culturizar-se?

Esta obra famosa xa era polémica incluso antes de poñer a primeira pedra, ben por quen a deseñou, polo alto prezo, por facer un boceto e todo porque é un arquitecto de renome. Esta especie de «metrópole da cultura» abrangue unha colina e moito máis, cos seus accesos, que hán de ter, por autoestrada.

Deste museo aínda non está claro cal será o seu contido permanente, pois os políticos tentan de culturizar á xente comprando as ideas aos artistas porén sexan unhas liñas de nada continuando o curuto dunha colina. A cultura identitaria dun povo non se cria dun día para outro.

Isto ven ser un reclamo máis da cidade de Compostela, na que se vive principalmente do sector servizos. Aquí só interesa o beneficio das construtoras e das empresas que xestionen o mau-

soleu, as expropiacións a prezos ridículos e o resto de cidadáns o que ven é dilapidar os seus euros nun monte, en vez, por exemplo, de liberar de peaxe as autoestradas galaicas ou fomentar as casas de cultura normais e non un sitio onde van ir os funcionarios ao seu traballo e as xentes que van botar alí a partida porque o café é máis barato.

O resto de oferta museística de Compostela non está tan petada como para facermos unha cidade da cultura. A «cultura» entra-lle á xente através do tv e internet, os turistas van aos museos porque ficar a ver a televisión no hotel pois non se soe facer. Esta obra ven representar o poder capitalista, onde primeiro se poñen os cartos, e despois xa virá a cultura, en vez de comezar desde abaixo educando e formando futuros valores criando novas ideas, ou sexa tendo primeiro o contido

e a utilidade e disfrute dos que pagan os impostos. Realmente non se lle pediu a opinión ao povo soberano, é tan só unha réplica pequena da «biblioteca de Alexandria». Igual que o Guggenheim de Bilbo e o de Nova Iorque.



## Um Ateneu Libertário em Pontevedra

Está a germinar em Pontevedra, em boa parte entre a militância do Sindicato de Ofícios Vários da CNT, a ideia de recuperar um Ateneu Libertário na cidade. Além de actividades culturais (concertos, apresentação de publicações, coro libertário...), há interesse em involucrar-se em outros temas, como a agricultura ecológica (através da cooperativa de consumo que botará a andar em breve).

O Ateneu Libertário de Pontevedra levará o nome de Desiderio Comesaña. Pensamos que é um nome muito apropriado. Desiderio Comesaña Prado nasceu em Pontevedra em 1900 e faleceu na mesma cidade em 1956. Foi um anarco-sindicalista, implantador do sindicato CNT nas comarcas de Pontevedra, O Morraço e O Salnés durante a Segunda República Espanhola.

Logo de começar a sua militância sindicalista na emigração

argentina, retornou a Pontevedra. Nesta vila, sendo camareiro, foi membro fundador da «Sociedad Obrera de Cultura», da «Federación Local de Trabajadores» e do jornal *Revolución*. Embora, devido ao controlo mantido pelo PCE local, abandonou essas agrupaciones, ingressando na «Sociedad de Camareros» do Comité Regional Galaico da CNT.

Em 1932 fundou o «Ateneu Obrero de Divulgación Social» e colaborou na criação do grupo anarquista «Natura». A partir de dito grupo, em 1933 articulou-se o primeiro comité regional da Federación Anarquista Ibérica, com a ajuda de Francisco Iturralde Cabeza de Vaca, funcionario de telégrafos.

Desiderio foi mui conhecido na comarca do Morraço, representando ao sindicato de Moanha «Fraternidad Marinera» no Congresso da CNT celebrado em Zaragoza em Maio de 1936.

Após o Alçamento Nacional, em Dezembro de 1937 fugiu junto a Ubaldo López a Portugal através de Ponte Barjas (Padrenda). Forom detidos pela polícia portuguesa logo de serem delatados por um confidente de Lavadores. Inicialmente condenado a morte, comutou-se-lhe a pena pela de prisom perpétua. Trás passar por várias cadeias, como as minas de Fontao (Vila de Cruzes), em 1945 abandonou o Destacamento Penal das minas de volfrâmio de Silheda, retomando aginha o contacto com o Comité Regional Galaico na clandestinidade. Desde a sua corretagem de seguros colaborou com as actividades da «Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas» em Pontevedra.

Queremos reconhecer o seu labor. Tanto como fundador do «Ateneu Obrero de Divulgación Social», como trabalhador da hotelaria militante com a luta operária. Hoje em dia, Ponte-

vedra é um fervidoiro de mocidade interessada pela cultura, em boa parte pela ubicaçom na cidade de Faculdades da Universidade de Vigo. Embora, muitos deles devem fazer frente à negligente política de ajudas ao estudantado por parte das administrações e para se pagarem as matrículas devem aceitar ser explorados em trabalhos-lixo na hotelaria. Repartidores de pizzas, camareiros, bocateiros...

Recentemente vem de criar-se a Secçom Sindical do Sindicato CNT na Universidade de Vigo.

Co começo do curso académico, esperamos poder ajudar o estudantado a dar saída as suas inquietudes (criatividade do alunado de Belas Artes, Ciências Sociais e Magistério, interesse na agricultura ecológica por parte do alunado de Engenharia Florestal...), resolver as suas dúvidas sobre as implantações de novos planos de estudos (como a polémica declaração de Bologna), e solidarizar-nos nas suas luitas contra os patrões sem escrúpulos que se aproveitam das debilidades dos mais novos.

## 65 horas, un retroceso histórico

(Vén da páxina 3)

### Un ataque tras doutro

O Tratado de Lisboa, a directiva Bolkenstein (que xa comeza a aplicar-se através de resoluciones xudiciais que dan a razón ás empresas que procuran traballadores en calquer lugar con saláris de miséria), a directiva de Retorno, que permite a detención sen dereitos até 18 meses dos traballadores inmigrantes sen papéis, o Plano de Boloña (para o ensino superior) ou o de PISA (para o ensino secundario), que privatizan a educación, son antecedentes que levan a esta directiva das 65 horas semanais. Se conseguen aprová-la, será un retroceso gravísimo para a clase traballadora europea, a que máis dereitos laborais tiña grazas á mobilización e organización que construiu ao longo dos dous últimos séculos.

Estas políticas son complemento necesario para a privatización dos servizos públicos, que dan o prace so progresivo deterioro e precarización das condicións de traballo.

As xornadas interminábeis, os saláris de miséria e a perda das conquistas sociais na educación, seguridade social e saúde son as únicas cousas que dan, para que as multinacionais e trasnacionais podan continuar aumentando as ganancias ano a ano. O prolongamento da xornada laboral leva a un incremento dos problemas de saúde e riscos de sinistralidade.

O que é alucinante que, diante deste brutal ataque, os dirixentes dos chamados sindicatos «maioritários» europeos non fixeran máis nada que criticar, en lugar de se organizar unha resposta conti-

mental. Por unha vez, en moito tempo, hai unha necesidade real dunha mobilización, que faga sair do letargo a todos cantos «chucha-sangues» e burocracias sindicais e espabilen. As centrais organizadas na CES (Confederación Europea de Sindicatos) non están a dar contestación algunha e agardan a que pase o chaparrón, e no entanto para a clase traballadora unha nova volta de porca.

En resumo, esta directiva non só atenta como xa dixen contra a conquista histórica dos dereitos dos traballadores e traballadoras, senón, e nomeadamente, contra a esencia do ser humano, pois borra a posibilidade de dedicarmos tempo á formación, ao ocio, á vida persoal, á cultura... reduce-se-nos, unha vez máis, a máquinas de producir para que outros enchan o peto.

## OS PATRÕES SÃO INDISPENSÁVEIS?

